

Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2010

Datos correspondentes a xuño de 2025


Resumo de resultados 20/08/2025

Principais resultados

- En xuño de 2025, os prezos dos bens exportados aumentaron un 0,7 % con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Os prezos dos bens importados diminuíron un 3,0 % en termos interanuais.
- Atendendo á clasificación por destino económico, os prezos dos bens de consumo exportados aumentaron un 2,2 % e os prezos dos bens de capital exportados subiron un 2,9 %. En senso contrario, os prezos dos bens intermedios diminuíron un 2,7 % respecto ao mes de xuño de 2024.
- Con respecto ás importacións, os prezos dos bens de consumo aumentaron un 2,4 % e os dos bens de capital medraron un 27,2 % respecto ao mes de xuño do ano anterior. Os prezos dos bens intermedios rexistraron unha diminución interanual do 8,7 %.

Índices de valor unitario. Taxas de variación interanuais. Galicia

Unidade: porcentaxe



Fonte: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior ([descarga da táboa](#))

1. Clasificación por destino económico dos bens

Segundo a clasificación por destino económico, produciuse un aumento interanual do 2,2 % nos prezos das exportacións de bens de consumo; os bens de capital incrementaron os seus prezos un 2,9 % e os prezos dos bens intermedios diminuíron un 2,7 % no mes de xuño de 2025 respecto ao mesmo mes de 2024.

En canto as importacións, os prezos dos bens de consumo creceron un 2,4 % e os dos bens de capital aumentaron un 27,2 %, en comparación con xuño de 2024. En senso contrario, os prezos dos bens intermedios experimentaron unha diminución interanual do 8,7 %.

Índices de valor unitario. Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens. Galicia

Unidade: *Taxas de variación interanuais en porcentaxes*

	EXPORTACIÓNS			IMPORTACIÓNS		
	2024 Xuño	2025 Xuño	Variación interanual	2024 Xuño	2025 Xuño	Variación interanual
BENS DE CONSUMO	130,72	133,62	2,2	122,01	124,89	2,4
BENS INTERMEDIOS	132,71	129,09	-2,7	139,28	127,15	-8,7
BENS DE CAPITAL	142,92	147,03	2,9	84,57	107,61	27,2
NON ENERXÉTICO	130,24	131,56	1,0	118,51	118,77	0,2
IVU TOTAL	133,25	134,24	0,7	131,32	127,32	-3,0

Fonte: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior ([descarga da táboa](#))

2. Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico, os prezos dos bens exportados aos países da Unión Económica e Monetaria aumentaron un 4,9 % en termos interanuais; os das exportacións ao conxunto da Unión Europea medraron un 4,0 %. As exportacións dirixidas a países da OCDE incrementáronse un 1,2 % mentres que os prezos dos bens destinados ao resto do mundo diminuíron un 2,6 %.

En canto á orixe xeográfica das importacións, os prezos dos bens procedentes da Unión Económica e Monetaria subiron un 0,2 % respecto a xuño de 2024 e os procedentes da Unión Europea, un 1,1 %. As importacións de bens desde países da OCDE rexistraron un alza do 2,5 %, mentres que os prezos dos bens importados do resto do mundo baixaron un 10,0 %.

Índices de valor unitario. Clasificación por orixe/destino xeográfico. Galicia

Unidade: *Taxas de variación interanuais en porcentaxes*

	EXPORTACIÓNS			IMPORTACIÓNS		
	2024 Xuño	2025 Xuño	Variación interanual	2024 Xuño	2025 Xuño	Variación interanual
UEM	127,80	134,11	4,9	112,84	113,06	0,2
UE	128,02	133,08	4,0	117,54	118,78	1,1
OCDE	132,77	134,38	1,2	120,08	123,12	2,5
Resto do Mundo	133,11	129,71	-2,6	158,14	142,29	-10,0

Fonte: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior ([descarga da táboa](#))

3. Notas metodolóxicas

[Índices de valor unitario para o comercio exterior](#) é unha operación estatística que elabora o Instituto Galego de Estatística (IGE) con periodicidade mensual.

O obxectivo desta operación estatística é obter unha aproximación aos índices de prezos das operacións de exportación e importación de mercadorías con orixe ou destino en Galicia, excluindo o comercio co resto de España.

As principais utilidades destes índices son as seguintes: permiten aproximar a evolución dos prezos das exportacións e importacións; úsanse como deflactores para seguir a evolución en volume do comercio exterior; serven para construír indicadores como a relación real de intercambio ou os índices de competitividade.

4. Definicións, fontes e máis información

Definicións

- [Definicións](#)

Descarga de datos

- [Índices de valor unitario encadeados por áreas xeográficas. Referencia 2010](#)
- [Índices de valor unitario encadeados por destino económico. Referencia 2010](#)

Fontes de información

IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2010.